

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 22/04/2024**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

PAOLA MARIA MOCHALES

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**

MARÍA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22/04/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15 de abril de 2024, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/1324**

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán Manuel Torres de Aboal, como Presidente da Asociación Cultural Mesa das Verbas-Vilagarcía, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 23 de abril de 2024, en horario de 11:00 a 15:00 horas, con motivo da celebración do Día do Libro, para fomentar a lectura e o contacto escritores-lectores.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2024/1369**

Dáse conta do escrito presentado por Special Olympics Galicia, solicitando a colaboración do Concello para a celebración, o día 20 de abril de 2024, nas pistas do Estadio de Atletismo de Vilagarcía dos "XXIV Xogos Autonómicos de Atletismo, Special Olympics Galicia, coorganizado pola Fundación Con eles e a Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/1395**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas e galletas os días 19, 20, 21 e 22 de maio na Rúa Castelao, con motivo das Festas de Santa Rita.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Cultura.

### **PRP2024/1398**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación á finalización da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARRRU DE C. VELLO 6ª FASE (Expte. ARR-CV 03/2020), a instancia de CP alcalde rey daviña 53, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida de referencia así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como ás persoas beneficiarias, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor realizou obtiveron título habilitante municipal, consonte resolución de alcaldía de 7 de xaneiro de 2021, por resultaren compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

O 27 de abril de 2023 solicitouse cualificación provisional para obras de rehabilitación que foi resolta favorablemente e asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente o día 29 de maio de 2023.

Con data 19 de outubro de 2023 achegáronse ó expediente administrativo OFARI/2020/000003 os documentos acreditativos da finalización das obras e xustificantes de pagamento a provedores.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Proposta de Cualificación Definitiva referidos ás actuacións no edificio de referencia e máis ás persoas beneficiarias, esixidos polo Plan estatal de Vivenda 2018-2021.

DATOS DAS VIVENDAS E LOCAIS	%	SUBV. MINISTERIO	SUBV. XUNTA	TOTAL
9364301NH1196S0003WL (Pta 1)	20,00 %	3.337,38 €	1.157,62 €	4.495,00 €
77422843J Patricio Esteban Serqueira Keenehan				
9364301NH1196S0004EB (Pta 2_B)	15,00 %	2.503,04 €	868,22 €	3.371,26 €
35463049Q Juana María González Acha				
9364301NH1196S0005RZ (Pta 2_A)	5,00 %	834,35 €	289,41 €	1.123,76 €
52939012G Begoña Raño Torres				
9364301NH1196S0006TX (Pta 3)	20,00 %	3.337,38 €	1.157,62 €	4.495,00 €
44458053L Catalina Figueroa Darrosa				
9364301NH1196S0007YM (Pta 4)	15,00 %	2.503,04 €	868,22 €	3.371,26 €
35477988M Xiomara González Méndez				
9364301NH1196S0001MJ (Pta 0_1)	15,00 %	2.503,04 €		2.503,04 €
B36989671 Opticas Isla de Naron				
9364301NH1196S0002QK (Pta 2_2)	10,00 %	1.668,69 €		1.668,69 €
B36989671 Opticas Isla de Naron				
TOTAL		16.686,92 €	4.341,09 €	21.028,01 €

#### **PRP2024/1451**

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades SL, en representación de CP Edificio Rodrigo de Mendoza 4-6, indicando que con motivo das obras no Parking de FEXDEGA para a realización de un Tanque de Tormenta, apareceron grietas no tiro de escaleiras do citado edificio, e solicitan a remisión do escrito ao técnico competente para a adopción das medidas correspondentes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda trasladar o escrito presentado ao organismo Augas de Galicia, así como á Empresa que executa as obras.

#### **PRP2024/1452**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Benito Espiñeira Martínez, en representación de Aparcamientos Cavadelo SL solicitando a intermediación do Concello para que se proceda á instalación de fibra óptica na Avda. da Mariña nº 3.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que a parcela do Parking do Cavadelo estaba incluída na convocatoria do Plan Unico 2021, tendo o mesmo dous anos de execución.

Achégase o enlace onde se pode comprobar o ámbito xeográfico do citado Plan Unico.

[https://experience.arcgis.com/experience/acd77f0d321b47b0b3be6aeff83d76c1/#data\\_s=id%3AdataSource\\_1-18682aeaa01-layer-3%3A35732](https://experience.arcgis.com/experience/acd77f0d321b47b0b3be6aeff83d76c1/#data_s=id%3AdataSource_1-18682aeaa01-layer-3%3A35732)

Así mesmo acordase remitir a solicitude á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.

#### **PRP2024/1454**

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, solicitando o arranxo de diversas deficiencias na Rúa da Coca:

- Capa de rodadura deteriorada.
- Necesidade de instalación dun farol de alumeado público
- Comprobar o estado da vivenda con balconada de Rúa Coca, que da ao camiño de pedra ao considerar que non está en condicións de seguridade para os usuarios da rúa (vehículos e peóns).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle:

- A capa de rodadura repararase unha vez finalizadas as obras.
- Instalación de punto de alumeado público, dar conta ao Servizo de electricidade.
- Comprobación do estado da vivenda, dar conta á Xerencia de Urbanismo.

#### **PRP2024/1457**

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Alberto Piñeiro Franco solicitando autorización para instalar un kiosco no parque de Dona Concha, en Vilaxoán.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá remitir a súa solicitude ao Organismo Portos de Galicia, por ser o titular dos terreos onde pretende instalar o kiosco solicitado.

#### **PRP2024/1458**

Dáse conta de escrito do Instituto Galego de Estatística comunicando que en cumprimento do Plan Galego de estatística 2022-2026, están a realizar a operación estatística "Enquisa estrutural a fogares", cuxo obxectivo principal e reflectir as condicións de vida das familias galegas en relación con diversas variables de interese como nivel de estudos, ingresos e gastos do fogar e dos seus membros, etc.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/1459**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Bombas Grundfos España SA para a reposición dunha bomba para o Bombeo do Parking Xoan XXIII, por un importe total de 819,78 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22699.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/1460**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Calefacciones Paulino SL para reparación da calefacción da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, por un importe total de 1887,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/1466**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados pola Empresa APA España SL para o subministro de material para o plóter, por un importe total de 3.331,13 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.

O subministro realizarase en dúas fases, conforme aos orzamentos presentados:

- Un primeiro, por importe de 2.692,25 € (IVE incluído), que se subministrará de forma inmediata e se procederá á súa facturación.
- Un segundo, por importe de 638,88 € (IVE incluído), que se realizará en canto sexa posible e se facturará no momento da realización do subministro.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **BENESTAR SOCIAL EMPREGO**

### **PRP2024/1280**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O obxecto do contrato é a contratación da Implantación dunha rede WIFI nas prazas de abastos de Vilagarcía de Arousa.

O importe de licitación máximo é de 14.876,04 €, mais IVE 21%), dando un importe total (IVE incluído) de 18.000,00 € imputado á aplicación orzamentaria 4311-6270018.

Para levar a cabo este servizo solicitáronse orzamentos ás empresas seguintes:

- OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L., C.I.F.: B-15834872

Mail: concursos@ozona.es

A empresa presenta orzamento por contía de 14.850,00€ mais IVE (17.968,50€ IVE incluído)

- SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L., C.I.F: B-36296440

Mail: stin@stinsl.com

A empresa presenta orzamento por contía 12.885,20€ mais IVE (15.591,09€ IVE incluído)

- DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L., C.I.F.: B-36562445

Mail: spaz@dosespacios.com

A empresa presenta orzamento por contía de 13.988,00€ mais IVE (16.925,48€ IVE incluído)

Revisada a documentación remitida, o resultado da valoración das ofertas e o seguinte:

EMPRESA	PUNTUAC. CRITERIOS xUIZO VALOR	PUNTUAC. PR EZO	PUNTUAC. PRAZO GARANTÍA	TOTAL
OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L.	27 puntos	0,22 puntos	0 puntos	27,22 puntos
SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L.	44 puntos	17 puntos	34 puntos	95 puntos
DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING S.L.	9 puntos	7,58 puntos	0 puntos	16,58 puntos

Vista a proposta do Departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e a adxudicación do presente contrato á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE SL, CIF B36296440, por importe de 12.885,20 € máis IVE (15.591,09 € IVE incluído), con cargo á partida 4311-6270018, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/1397**

O Concello de Vilagarcía é beneficiario dunha axuda no marco da Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro, modificada pola orde ICT/565/2022 de 15 de xuño, no marco da convocatoria de liñas de axuda de apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles

curtos de comercialización.

A resolución indica no seu feito Primeiro:

Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, RESOLVE: “Conceder la ayuda que a continuación se indica, para la realización de las actuaciones contenidas en la solicitud presentada por la entidad solicitante a esta convocatoria”: A data límite de execución do gasto foi inicialmente o 31 de decembro de 2022.

ORZAMENTO FINANCIABLE (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)
671.278,65	537.022,92

Solicitada por parte desta Concellería, modificación da resolución de concesión e prórroga da execución ata o mes de decembro de 2024, por resolución do 7 de marzo de 2024, o Ministerio de Economía, Comercio e Empresa acordou acceder ao solicitado ditando nova resolución que se incorpora ao expediente de referencia.

A modificación afecta á categoría de gastos relativos a sostenibilidade e economía circular, concretamente, permite destinar as cantidades en orixe asignadas á “Implantación dun sistema de valoración enerxética de residuos urbanos” e “Adquisición de ferramentas tecnolóxicas para a redución de residuos na Praza de Abastos e potenciación da reciclaxe e reutilización” ás “Obras de adecuación da Praza da Abastos (praza da verdura) para acción de hábitos saudables e economía circular”.

A Xunta de Goberno de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/1362**

Dase conta da xustificación final da subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia Risga 2023 exp: TR351F- 2023-00000 30-05

O importe da subvención o equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa desempregada contratada que reúna os requisitos establecidos no artigo 12 da orde.

Para os efectos destas subvencións, non se consideran custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Nas subvencións á contratación tanto da Xunta de Galicia como da Deputación de Pontevedra, os custos derivados da situación de IT, non se consideran custos salariais subvencionables, polo que, no caso de IT de calquera dos traballadores contratados, produciríase o correspondente incremento na aportación municipal.

A cantidade subvencionada e ingresada pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade por importe de 170.436,90 euros, ingresada na conta do Concello de Vilagarcía no 14/09/2023

A cantidade subvencionable xustificada polo concello por importe de 157.249,29€ equivalente aos custos salariais dos traballadores contratados maila cotización empresarial á Seguridade, pola contratación por período de 9 meses, a xornada parcial do 75%, de 15 traballadores/as desempregados/as (Peóns).

A aportación municipal é a correspondente á indemnización por cese e a aportación salarial e de cotización á Seguridade Social do 75% de xornada laboral dos traballadores, que está subvencionada, ata o 100% da xornada laboral pola que foron contratados, así como os custos derivados das situación de IT, que non se consideran custos salariais subvencionables.

O remanente por importe de 19.187,60€ debe ingresarse mediante transferencia bancaria á conta

do Tesouro da Xunta de Galicia no número de conta: ES82 2080 0300 8731 10063172, especificando “Remanente da subvención Expte. Nº. TR351F 2023/30-5”, e deberá remitirse orixinal ou copia compulsada do xustificante bancario do pagamento á correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao ingreso do importe citado de 19.187,60 € na conta do Tesouro da Xunta de Galicia no número de conta indicado.

#### **PRP2024/1465**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego "Labora Xove 2023", a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa KAEME, CONSULTORIA Y PREVENCIÓN SL o servizo de formación en Prevención de Riscos Laborais: Traballos en altura, de 8 horas, por un importe de 595,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22799 para o alumnado das especialidades de Montaxe e mantemento de Instalacións Solares Fotovoltaicas e Operacións Básicas na montaxe e mantemento de instalacións en Enerxías Renovables .

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2024/1425**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do Programa Pedagóxico e de Masterclasses da VII edición do Festival internacional de Música clasclás 2024 que se relacionan de seguido por un importe total de 2.950,00 € e con cargo á partida 3261 22606 do Proxecto de orzamento con código 2024-3-CRRTE-5-1 :

Primeiro.- Masterclass de Trombón, a cargo de Antonio Caneda Zamar, con DNI 35463919N profesor do Conservatorio Profesional de Música de Ourense, por un importe total de 300,00 €

Segundo.- Masterclass de Ritmo e Percusión Cubana, a cargo de Marcos Valcárcel, con DNI 39459921V, Licenciado en Percusión polo Instituto Superior de Arte da Habana por un importe total de 300,00 €

Terceiro.- Masterclass de Trompeta, a cargo de Manuel Fernández Álvarez, con DNI 35574375E, trompeta solista da Orquestra Sinfónica de Galicia por un importe total de 500,00 €

Cuarto .- Masterclass de Violín e Taller de Música Irlandesa, a cargo de Mairead Hickey con pasaporte irlandés nº PV6323855, que actuará como Concertino convidada da Orquestra Sinfónica de Galicia no último programa da tempada 23-24, por un importe total de 500,00 €

Quinto.- Masterclass de Fruta Travesera e taller de Traverso Barroco, a cargo de Manuel Morales Fernández con DNI 09772909W ademáis de colaborar co pianista Raúl Rodríguez no concerto do Programa clasclás matinée, a cargo de Manuel Morales, Catedrático de Fruta do Conservatorio Superior de Música de Vigo por un importe total de 700,00 €

Sexto.- Taller “Cambia en 4 horas como subes al escenario”, impartido por Jesús Ángel Vega Díez con DNI 10873055N por un importe total de 650,00 €. (500,00 € corresponden á impartición do Taller, exento de IVE, 150,00 € corresponden ao transporte e dietas con IVE xa engadido).

#### **PRP2024/1427**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do Programa Clasclás Matinée da VII edición do Festival internacional de Música clasclás 2024 que se relacionan de seguido por un importe total de 2.589,40 € e con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto de orzamento con código 2024-3-CRRTE-5-1 desagregadas tal e como segue:

Primeiro.- MÚSICOS AO VIVO, S. COOP. GALEGA, con CIF F27843200 por un importe total de 363,00€ (300 € + 63,00 € do 21 % do IVE)

Segundo.- ASOCIACIÓN CONCERTART EDUCONCERT SANARTE con CIF G16811200 por un importe total de 2.226,40 € (1.840,00 € + 386,40 do 21% IVE).

### **PRP2024/1428**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, en relación coa contratación dos servizos de deseño gráfico e imprenta da VII Edición do Festival Internacional de Música Clasclas 2024, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos:

Primeiro.- Contratación dos servizos de Deseño Gráfico do Festival clasclás 2024, orzamento presentado por Dito e Feito, Carlos Crespo Gómez, con NIF 15373039T polo importe total de 1.064,80 € ( 880,00 € + 184,80 € do IVE) con cargo á partida 3261 22706 do Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2024.

Segundo.- Contratación dos servizos de imprenta para o Festival clasclás 2024 (1.500 polípticos e 3.750 programas – 5 modelos), orzamento presentado por Baños Print S.L., con CIF 36252872 polo importe total de 1.070,85 € (885,00 € + 185,85 € do IVE) con cargo á partida 3261 22602 do Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2024.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2024/1486**

O Concello de Vilagarcía a través da Concellería de Xuventude vai organizar (IN) FÓRMATE a IIª Xornada de Técnica sobre Formación e Futuro Laboral dirixido a estudantes de 4º da Eso, 1º Bacharelato e 1º de Ciclos Medios e 1º de Ciclos Superiores de Formación Profesional dos centros educativos do municipio, o día 3 de maio, en horario de 9:30 a 13:30 horas, no Auditorio Municipal.

Esta actividade ten como finalidade facilitar a elección sobre a traxectoria profesional que debe afrontar o estudantado, cando rematen os estudos de secundaria, bacharelato e ciclos, de elixir o seu futuro académico e profesional, é por elo que desde a Concellería de Xuventude pon en marcha esta iniciativa para ofrecerlles aos mozos/as de Vilagarcía un abano de titulacións e de experiencias profesionais para que teñan máis claro onde dirixir a súa vocación e polo tanto o seu futuro laboral.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación ás seguintes empresas e provedores e disposición dunha cantidade para imprevistos, cun importe estimativo total de 4.743,52 € (IVE incluído), con cargo á partida :

- Empresa Pereira SL (CIF: B36030997 e enderezo en Pol. INd. 19 Trabanca 36600 Vilagarcía) por



importe de 720,02€ (Ive do 10% incluído) para a recollida e traslado ao Auditorio do alumnado dos seguintes centros educativos: IES O Carril, CIFP Fontecarmoa e IES Cotarelo Valledor, con cargo á partida 2314.223.

- Cristina Durán Recuna (NIF.: 35476266P e enderezo en Avda. da Mariña 100 5º A, 36600 Vilagarcía) por importe de 1004,3 € (IVE engadido do 21%) para a preproducción, montaxe e gravación dun vídeo que recollerá varios testemuños de diversas persoas que destacan nun determinado ámbito laboral e que falarán das súas traxectorias profesionais e dos seus proxectos laborais para que poidan servir de referencia aos mozos/as participantes. Inclúe a proxección do mesmo a cargo dun técnico de vídeo, con cargo á partida 2314.22610.

- GOHEAD RESTAURACION 2020 SL (con NIF.: B94198934 e enderezo en Rúa Valentín Viqueira nº 6, 36600 Vilagarcía de Arousa) e por un importe de 660€ (Ive engadido do 10%) para o servizo de 45 almozos (café máis acompañamento) para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e expositivo que participen na xornada técnica, con cargo á partida 2314.22610.

- La Voz de Galicia, con CIF: A 15000649 e enderezo en Rúa Ronda de Outeiro nº 1-3 baixo A Coruña e CP.:15006 ) por un importe de 1040€ para a adquisición de 400 exemplares da guía de estudos superiores de Galicia , para repartir entre o alumnado dos centros educativos participantes, e editado Pola Voz de Galicia e para o deseño e desenvolvemento dunha actividade de dinamización da xornada no relatorio, con cargo á partida 2314.22610.

- Froiz Grandes Superficies S.A con NIF.: A36203040 e enderezo en Lugar de Lourido, nº 15 Poio (Pontevedra) e CP.: 36995 por importe de 21€ (IVE engadido) para a adquisición de 100 botellíns de auga (de 33cl) para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e do espazo expositivo, con cargo á partida 2314.22610.

- Folder, Papelería Ribereña, SL con CIF.:B87210696 e enderezo en Covadonga 1-3 CP.:36600 Vilagarcía, por un importe de 56,20€ (ive 21% engadido) para a adquisición de 50 identificadores para acreditar aos relatores e informadores participantes na xornada, con cargo á partida 2314.22610.

- 1000 € para os imprevistos que poidan xurdir derivados da organización da xornada técnica, con cargo á partida 2314.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2024/1370**

Vista a proposta da Área de Persoas Maioras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para o servizo de aluguer de dous microbuses de 24 prazas cada un, para os traslados da Coral Rosalía de Castro a Ribadumia o día 14 de abril de 2024 e á Illa de Arousa o día 20 de abril de 2024, por un importe total de 520,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CULTURA**

**PRP2024/1429**

Vista a solicitude de Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Festas de San Pedro en Cornazo os días 28, 29 e 30 de xuño de 2024.

- ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA:

- 28-06-2024 350,00€

- 30-06-2024 350,00€

- ASOC. CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA 29-06-2024 350,00€

- ASOC. CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO 30-06-2024 300,00

Total gasto 1.350,00€

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2024/1431**

Vista a solicitude de Dona M<sup>a</sup> Josefa Muñiz Moreno, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas San Antonio en Faxilde o día 13 de xuño de 2024.

ASOCIACIÓN CULTURAL A NOSA SRA. DA XUNQUEIRA 13-06-2024 350,00€

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2024/1433**

Vista a solicitude de Asociación de Festas Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa de San Cibrán en Sobradelo o 20 de maio de 2024.

ASOCIACIÓN CULTURAL NOS DE SOBRADELO 20-05-2024 391,00€

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2024/1434**

Vista a solicitude de Asociación Subida ao Monte do Pobo de Carril, e a proposta da Concellería

de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da romaría de San Roque en Carril o día 11 de agosto de 2024.

ASOC. CULTURAL AIRIÑOS DO CARRIL 11-08-2024 350,00€

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/1435**

Vista a solicitude de Asociación Os Xuncos de Vilagarcía, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de nosa Sra. de A Xunqueira os días 24, 25 e 26 de maio de 2024:

ASOC. CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA 25-05-2024 391,00€

ASOC. CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO 26-05-2024 300,00€

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/1436**

Vista a solicitude de Asociación Culltural Virxe do Carmen Loenzo de Abaixo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do evento popular "Comida Campestre" o día 1 de maio de 2024.

GRUPO DE GAITAS DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO SANTA PLÁCIDA 01-05-2024 225,00€

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/1437**

Vista a solicitude de Asociación Comisión Festas San Miguel de A Torre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa na honra de San Miguel en A Torre os días 4, 5, 6 de outubro de 2024.

ASOC. CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA 05-04-2024 350,00€

GRUPO FOLCLÓRICO MOCEDADE DE A TORRE 04-10-2024 391,00€

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer

constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/1438**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Cultural Malveiras, por un importe total de 1.800,00 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Impartición clases de música tradicional galega (iniciación e perfeccionamento gaita, clases de pandeireta) durante os meses abril, mayo e xuño de 2024	1.800,00 €	ASOCIACION OS TRES CASTROS

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/1439**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Breogán de O Piñeiro, por un importe total de 1.767,81€, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Limpeza durante 2 horas á semana durante o ano 2023	1.669,80€	Daniela Henriques de Oliveira
2 micros cabeza inalámbrico EK	98,01€	Carlos Galbán Zaragoza

Acórdase o reintegro á partida correspondente da diferenza restante que ascende a cantidade de 32,19€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/1440**

Vista a solicitude de Asociación Comisión de Festas de Santa Marta, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Festas de Santa Marta en A Laxe os días 26, 27 e 28 de xullo de 2024:

- ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA 27-07-2024 225,00€
- CORAL SANTA EULALIA 28-07-2024 335,00€
- ASOC. CULTURAL LUMARADA 28-07-2024 350,00

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/1441**

DASE CONTA do escrito presentado por D. Julio Castela Martínez en representación da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), (petición de datos dos/as organizadores/as da GRAN FESTA CARNAVAL –A LAXE 2024)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda enviar dos datos correspondentes, anteriormente indicados, de acordo co establecido na nova Lei de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia (Lei 10/2017, de 27 de decembro) DOG de 2 de xaneiro de 2018 (art. 23 ap 2 –Ou) DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS TITULARES E ORGANIZADORES”- “Os/as titulares de establecementos ou espazos abertos ao público e os/as organizadores/as de espectáculos públicos ou actividades recreativas terá as seguintes obrigacións: o)Cumprir a normativa vixente sobre propiedade intelectual e demais normativa que sexa de aplicación”

### PRP2024/1442

Dáse conta da existencia dun erro no Acordo da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 04-03-2024 de RECOÑECEMENTO DE OBRIGA a favor dos premiados no desfile de disfraces e Carrozas 2024, correspondente o CIF da ASOCIACIÓN CULTURAL OS REMOLÓNS, figurando no mesmo:

2º PREMIO GRUPO + 20	ASOC. CULTURAL OS REMOLÓNS	G36351823	648,00 €	ES03-2080-5067-1330-4003-7109
IRPF 19% (800,00) 2º PREMIO GRUPO + 20) ANPA DOUTOR FLEIMING	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	152,00 €	ES88-2080-0522-9031-1000-0019

2º PREMIO GRUPO + 20	ASOC. CULTURAL OS REMOLÓNS	G36433571	648,00 €	ES03-2080-5067-1330-4003-7109
IRPF 19% (800,00) 2º PREMIO GRUPO + 20) ASOC. CULTURAL OS REMOLÓNS	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	152,00 €	ES88-2080-0522-9031-1000-0019

SEGUNDO: Dado erro existente, o ingreso, como así consta no documento contable, foi realizado a outra Asociación , nesta caso a ANPA ANEXO A LOMBA, DR. FLEMING por importe correspondente o 2º premio 648,00 € (unha vez descontado o IRPF DE 152,00€)

CUARTO: Asi mesmo, no ingreso por importe de 152, correspondente a IRPF consta na proposta ANPA DOUTOR FLEMING, debendo constar ASOCIACIÓN CULTURAL OS REMOLÓNS.

QUINTO: Que informado do erro de ingreso a ANPA ANEXO A LOMBA, DR. FLEMING, os mesmos realizaron a devolución do importe recibido erroneo o número de conta bancaria indicado polo departamento de Tesourería e que se indica: ES70-0182-6246-3302-0036-0740 (xúntase copia do extracto bancario de abono)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a modificación do acordo da de data 04-03-2024(PR2024/0690), e posteriormente se realice a transferencia a ASOCIACIÓN CULTURAL OS REMOLÓNS por importe de 648,00€ o número da conta bancaria que consta no expediente, e así mesmo se modifique o IRPF que inicialmente se indica ANPA DOUTOR FLEMING a ASOCIACIÓN CULTURAL OS REMOLÓNS.

### PRP2024/1471

Dáse conta da Orde do 13 de marzo de 2024 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás Entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (PL400A), publicada no DOG nº 61,

de 26 de marzo de 2024.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención ao abeiro da citada Orde, para a realización das seguintes actividades:

- Celebración do programa municipal Día das Letras Galegas 2022.
- Campaña IMPLICADOS CO GALEGO (IES Castro Alobre).

(partida 334.22637).

### **PRP2024/1472**

Dáse conta da Orde do 7 de marzo de 2024 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a conceisión de subvencións á modernización e xestión sustentable, das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos de NextGeneration Eu e do mecanismo de recuperación e resiliencia, do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT404E). (DOG nº 58, do 21 de marzo de 2024)

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención do 55% para o proxecto de modernización dos sistemas de iluminación dos espazos escénicos e musicais á AGADIC nesta convocatoria competitiva de 2024 por un valor de 21.978,00€.-(S/IVE), dun total de 39.960,00€.-(S/IVE). O IVE do proxecto non é subvencionable(8.391,60€.-)

### **PRP2024/1482**

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura para a aprobación de gasto de diversas actuacións dentro do Programa denominado Agora Vermú, que consiste en un ciclo de concertos, este ano serán 4 actuacións musicais, en horario matutino no mes de maio e xuño (12, 19 e 26 de maio e 2 e 9 de xuño) e que serán de balde para todo o público:

Este ciclo de concertos ten como obxectivo:

- dinamizar e promocionar a actividade lúdica e festiva
- Favorecer a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre
- Fomentar a creación e a composición musical
- Fomentar a participación cidadá, realizando actividades para novos e maiores, unha mestura de xeracións, xeografías e inquiredanzas, baixo o interese común dos produtos musicais galegos.
- Axudar a dinamización e promoción turística
- Fomentar a creación e a composición musical
- Apoiar a hostalería local

Este ciclo de ÁGORA VERMÚ desenvólvese en distintas rúas como obxectivo de descentralizar e fomentar a actividade cultural en distintos lugares de Vilagarcía.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un importe total de 12.813,20 €, coa seguinte desagregación:

Día	PROVEEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	B.I.	I.V.A. 21%	I.R.P.F.	IMPORTE LÍQUIDO	PARTIDA
12-05	SOL IDEAS MUSICA Y MAS SL	B87993309	CONCERTO A CARGO DE ADRIAN COSTA	600,00	126,00		726,00	334.22609
19-05	ASOCIACION CULTURAL FLAMENCO Y ARTES ESCÉNICAS	G10893667	CONCERTO A ACRGO DE FLA-MENCO	700,00	EXENTO		700,00	334.22609
26-05	BTB BOOKING Y PRODUCCIONES SL	B01961549	CONCERTO NESTOR PARDO	550,00	115,50		665,50	334.22609
02-06	LA YOGURTERA SL	B70253752	CONCERTO LAS ANTONIAS	1.400,00	294,00		1.964,00	334.22609
09-06	PABLO PEREZ PEREZ	35464183T	CONCERTO ONFIRE QUARTET	2.500,00	525,00	375,00	3.025,00	334.22609

Acórdase así mesmo aprobar o orzamento presentado por D.-DIEGO BASADRE BARREIRO, con D.N.I. 78791916B para a produción para ditas actuacións (aluguer e montaxe, asistencia técnica):

- Aluguer e montaxe, por un importe total de 4.235,00 €, con cargo á partida 334.203
- Asistencia técnica, por un importe total de 1.767,70 €, con cargo á partida 334.22799

Os gastos correspondentes a SGAE (Sociedad General de Autores e Editores) será asumido polo concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CONTRATACIÓN

### PRP2024/1424

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REDINOR SL para o subministro de 5 caixas de papel DIN-A43de 80 gr. para os Servizos Municipais da Casa do Concello, por un importe total de 250,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2024/1432

Por acordo do Pleno da Corporación, na súa sesión do 29 de febreiro de 2024, resolveuse o contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado na praza Xoán XXIII, adxudicado o 24 de xullo de 2002 a Promociones Inmobiliarias del Pisuerga, S.A. (PROINSA).

O 25 de marzo de 2024 tivo lugar o acto administrativo de reversión e entrega ao concello de Vilagarcía do citado aparcamento soterrado, que pasa, dende esa data, a ser xestionado de forma directa por esta Administración Local.

Por acordo da Comunidade de Garaxes Juan XXIII, de data 26 de xuño de 2008 fixouse unha cota mensual de 25,00€; establecendo a” forma de pagamento por trimestres naturais, por adiantado nos primeiros días de cada trimestre e domiciliado”; aos efectos de costear os diversos gastos (limpeza, subministros, reparacións, etc.) que soporta a instalación.

Visto o acordo plenario, e a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda:

